

O SAMAÍN

AS ORIXES CELTAS DO SAMAÍN

Os celtas foron os primeiros poboadores coñecidos en Galicia (ao igual ca noutros países da Europa central, como Francia, Gran Bretaña, Irlanda etc.). Aínda hoxe podemos percibir as súas pegadas tanto na lingua (con palabras como meniño, croio, miñoca, trevo, toxo, ...) coma na nosa cultura, con festas coma a do Samaín ('fin do verán e comezo do inverno').

A noite do 31 de outubro daba comezo o ano novo celta, que marcaba a fin do tempo das colleitas (o ano vello) e o inicio do inverno (o ano novo). Era para o pobo celta unha noite de transición entre o outono (o pasado) e o inverno (o que está por chegar). Nesta noite chea de maxia, o pobo celta levaba a cabo unha festa na honra de todos os seus defuntos: o Samaín.

A FESTIVIDADE CÉLTICA

A antiga festividade céltica do Samaín é habitualmente descrita como unha comunión cos espíritos dos defuntos que, nesa data, terían autorización para camiñar entre os vivos. Os celtas pensaban que esa noite se abría unha porta entre o mundo dos vivos e dos mortos, que os deixaba en comunicación só por unhas horas.

Este pobo cría na inmortalidade da alma das persoas, preocupábase dunha forma natural polos seres queridos xa defuntos (expostos ao frío e á escuridade do inverno, á intemperie e á tristura dos camposantos).

A través da festa do Samaín buscaron a maneira de reparar o pesar dos seus familiares mortos. Preparaban alimentos e agasallos para que os defuntos volvesen por unha noite aos seus antigos fogares e convivisen arredor da mesa cos seus familiares e para quentarse do frío da morte ao carón do lume da lareira.

Tamén adoitaban reunirse no camposanto para comer o tradicional porco de Samaín e concelebrar as festas dos guerreiros.

Mais tamén era a noite máis perigosa do ano, pois ao abrírense as portas do outro mundo as ánimas malvadas tamén podían visitar este mundo para render contas inacabadas.

Nesta data prendíanse lumes sagrados con pólas de sobreira e teixo. Con esta cacharela inicial alimentábanse as lareiras de todas as casas.

Contesta as seguintes cuestións:

1. Que celebraban os celtas co día de Samaín?
2. Para que se acendían as fogueiras?

3. De que árbores se extraían as pólas para facer as cacharelas? De cal delas se poden comer os froitos?

4. Busca no dicionario as palabras subliñadas no texto anterior e despois constrúe unha frase con cada unha delas:

AS CAVEIRAS E AS CABAZAS

Os celtas, pobo guerreiro, crían que posuír a caveira do seu inimigo outorgáballes a forza do seu espírito. Nesta época colocaban veas dentro das caveiras, situadas nos castros, co obxectivo de asustar os posibles inimigos que rexurdisen tamén do máis alá para tentar rematar a loita que se iniciara antes da súa morte.

Actualmente as cabazas iluminadas con candeas reflicten esta tradición dun xeito festivo. Dita tradición esténdese hoxe por toda a antiga xeografía céltica europea e concretamente para o caso de España, por todas as zonas con presenza antiga dos celtas.

En Galicia atopámola estendida por toda a súa xeografía, non faltando esta tradición en ningunha das súas bisbarras e achegando un folclore similar. Ademais o pobo galego coñece distintos nomes para denominar este froito dependendo do lugar onde nos situemos: calacú (Rías Baixas), caveira de melón (Cedeira), calabazote (Ortigueira), colondro (Ourense) etc.

OS MILLADOIROS

Na noite do Samaín os celtas amontoaban e pintaban as caveiras dos seus inimigos mortos, que servían para guiar os demais defuntos entre a escuridade. Esta tradición tivo repercusión na nosa cultura: os chamados milladoiros.

Os milladoiros son amontoamentos de pedras que se dispuñan nos cruces de camiños para indicar unha ruta. Hoxe son comúns no Camiño de Santiago, especialmente un moi próximo a Compostela en que se levantou unha gran cruz de ferro (símbolo cristián sobre outro pagán) e no que todo peregrino debe deixar unha pedriña para ter boa sorte na fin da viaxe.

Todas/os queremos ter boa sorte na fin do curso escolar, por iso podes crear xunto coas/cos compañeiras/os de clase o teu propio milladoiro.

O MAGOSTO

En Galicia o magosto é o herdeiro directo do Samaín celta. Dise que a súa orixe se remonta á Prehistoria como festa de agradecemento polo froitos recollidos antes da chegada do inverno. Co tempo, tamén foi unha festa que se cristianizou e se asociou as santos defuntos. En Galicia a recolleita de castañas é unha forma de honra dos defuntos, pois cada unha delas representa unha alma que vai ao ceo.

A CRISTIANIZACIÓN DO SAMAÍN

Como todas as festas de orixe celta, o Samaín é de orixe pagá (non relixiosa). Por iso, hai moitísimos anos, arredor do ano 741, o Papa Gregorio III, mandou cristianizar a festa do Samaín, nun intento de que a poboación deixase atrás os costumes e as tradicións pagás. Para isto, pasouse a festa de carácter relixioso na honra de Todos os Santos, que se celebraba inicialmente o 13 de maio, ao 1 novembro.

Actualmente, o 1 de novembro seguimos a celebrar a festividade de Todos os Santos levándolles flores aos familiares que xa non están ao camposanto. Mais tamén festexamos o Samaín a noite anterior, o 31 de outubro.

SAMAÍN OU HALLOWEEN?

O Samaín é o antecedente europeo do Halloween americano. A palabra americana que designa esta festa en Estados Unidos, vén de “All Hallow’s Eve” (Vixilia de Todos os Santos). Pénsase que a tradición de orixe europea foi levada polos emigrantes irlandeses (pobo de tradición celta) a terras americanas no século XIX e comezos do XX, e de aí evolucionar nun entroido oUTonal.

Esta evolución que sofre a festa viu de volta a Europa en forma de Halloween xa hai varios anos, mais agora xa sabemos que nós temos o Samaín!

ACTIVIDADES

- ***Subliña en cor verde a oración certa e risca en vermello a falsa:***
 - O pobo celta colocaba candeas dentro das cabazas para asustar os inimigos.
 - A festividade de Todos os Santos celébrase a noite do 31 de outubro e o Samaín o día 1 de novembro.
 - O Halloween é unha tradición anterior ao Samaín.
 - A noite do 31 de outubro daba comezo o ano novo celta, que marcaba a fin do tempo das colleitas (o ano vello) e o inicio do inverno (o ano novo).
 - O pobo celta cría na inmortalidade da alma das persoas.

- ***Realiza un mural sobre O Samaín utilizando os datos extraídos das lecturas anteriores.***
- ***Escribe un conto de medo ou misterio.***